

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7319 *Lei orgánica 5/2013, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable, ditada conforme o establecido no artigo 150.2 da Constitución española e ao abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias en relación cos transportes terrestres que circulen polo territorio de máis dunha comunidade autónoma, materializou unha amplísima delegación de competencias estatais nesta materia nas diferentes comunidades autónomas.

Mediante esta lei orgánica pretendeuse a implantación do principio de portelo único na xestión de competencias administrativas en materia de transportes por estrada e por cable, evitando as disfuncións que a existencia de varias administracións superpostas podía supor en relación cunha actividade que, por definición, implica un desprazamento sobre o territorio.

Co obxecto de que as competencias de xestión fosen acompañadas por outras que, en paralelo, permitisen un control adecuado sobre o cumprimento por parte das empresas das condicións exixidas legal e regulamentariamente no desenvolvemento da súa actividade, a delegación de facultades incluíu as de inspección e sanción.

Por outro lado, para posibilitar o exercicio por parte das comunidades autónomas das competencias que se lles delegaron, transferíronse a aquelas todos os medios persoais e materiais da Administración periférica do Estado cos cales esta viña realizando as correspondentes funcións, de maneira que o Estado non mantivo ningún órgano de xestión ou inspección específica do transporte terrestre na Administración periférica do Estado nas comunidades autónomas que asumiron a delegación de facultades, salvo nas provincias fronteirizas, en que a presenza da Administración estatal resultaba necesaria para xestionar o transporte internacional.

Despois de se suscitaren dúbidas sobre a correcta articulación do exercicio das competencias delegadas por parte das comunidades autónomas en materia de inspección e sancións, pareceu conveniente modificar a redacción do artigo 10 da citada Lei orgánica 5/1987, co fin de sinalar de forma máis transparente como se distribúen as competencias nesa materia entre as distintas comunidades autónomas que asumiron a delegación.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.*

Modifícase o artigo 10 da Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable, cuxo contido queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10.

1. As comunidades autónomas exercerán, por delegación do Estado, a inspección dos servizos e demais actividades de transporte por estrada e por cable competencia daquel, nos centros de traballo que as empresas teñan nos seus respectivos territorios e nos vehículos que circulen por eles, con independencia, en ambos os dous casos, do ámbito territorial en que se desenvolvesen os servizos e actividades obxecto de inspección.

No exercicio desta facultade inspectora, as comunidades autónomas poderán solicitar a presentación nas súas oficinas de tanta documentación relacionada cos citados servizos e actividades se encontre nos referidos centros de traballo.

Así mesmo, delégase nas comunidades autónomas a facultade sancionadora sobre as infraccións que detecten no exercicio das actuacións inspectoras que leven a cabo de conformidade co disposto nos parágrafos anteriores, mesmo cando a xestión dos servizos ou actividades afectados non sexa obxecto de delegación ou se delegase noutra comunidade autónoma.

Non son obxecto de delegación as facultades relativas á inspección e ao control en fronteira dos transportes internacionais, nin a tramitación e, de ser o caso, imposición de sancións polas infraccións detectadas na realización de tales funcións.

2. O exercicio da función sancionadora levará implícito o da incoación, tramitación e resolución dos correspondentes procedementos e incluirá a adopción das medidas provisionais de aseguramento que correspondan de conformidade coa lexislación aplicable.

Non obstante, sen prexuízo da imposición de calquera outra sanción que, se é o caso, puidese corresponder, a comunidade autónoma só queda facultada para propor a resolución do contrato de xestión dun servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral de competencia estatal e correspóndelle ao órgano competente da Administración xeral do Estado acordar o que proceda ao respecto e, se é o caso, incoar, tramitar e resolver o correspondente procedemento de resolución.

3. As facultades delegadas a que se refiren os números anteriores non obstarán para que a Administración xeral do Estado acorde realizar directamente as inspeccións que considere necesarias. Neste caso, se as referidas actuacións inspectoras xustificasen a iniciación do correspondente procedemento sancionador, corresponderanlle, así mesmo, ao Estado as facultades para a incoación, tramitación e resolución do dito procedemento.

As funcións de vixilancia do transporte atribuídas á Garda Civil non son obxecto de delegación».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY